

Diálogos platónicos

Platón, seguindo as ensinanzas do seu mestre, **Sócrates**, que entendía a filosofía como busca colectiva da verdade a base dun intercambio de preguntas e respostas entre el e os seus discípulos, escribirá todas as súas obras en forma de diálogo. Os diálogos escritos por Platón clasifícanse en catro grupos en función da época na que foron escritos. Esta clasificación cronolóxica coincide ao mesmo tempo coas distintas etapas polas que foi atravesando o pensamento filosófico platónico.

Os **diálogos de xuventude** (tamén chamados **diálogos socráticos**): Neste período, Platón está moi influenciado polo pensamento socrático. A maior parte destes diálogos, que tratan de indagar en certos conceptos relacionados coa virtude (p.e. a amizade, a valentía, a templanza, etc.) rematan sen chegar a acadar a definición buscada de tales termos, conforme ao característico “*só sei que nada sei*” de Sócrates.

Aploxía: Recolle a defensa de Sócrates ante o tribunal popular que o condenaría a morte.

Laques: Sobre a valentía. *Cármides*: Trata da templanza. *Lisis*: Da amizade.

Os **diálogos de transición**: Marcan o tránsito cara á construción da súa propia filosofía. Platón comeza a elaborar as súas propias teorías. Nestes diálogos, Sócrates aparece enfrontado aos seus antagonistas, **os sofistas**, un conxunto de filósofos estranxeiros en Atenas, defensores do *convencionalismo* (as institucións e as leis da polis son froito dun convenio entre os seus cidadáns) e do *relativismo* (esas institucións e leis varían dunha polis a outra). Nótase, tamén, a influencia da **filosofía pitagórica** (seta filosófica fundada por **Pitágoras de Samos** no sur de Italia): tema da preexistencia e inmortalidade da alma, a reencarnación, a transmigración das almas, etc.

Gorgias: Platón arremete contra a arte que era a principal creación dos sofistas e a base das súas ensinanzas: a retórica (o arte de saber falar, para defender o propio punto de vista e atacar o dos adversarios).

Menón: A virtude é ensinábel, conforme ás ensinanzas de Sócrates, para ser virtuoso hai que saber. Por exemplo, só aquel que coñece o que é a xustiza será xusto. Esta teoría que identifica a virtude co saber coñécese co nome de **intelectualismo moral**. Introduce certas correccións a esta doutrina socrática con vistas a súa teoría das Ideas. Xa aparece a *teoría da reminiscencia*.

Os **diálogos de madurez**: Nesta época, redacta as súas obras máis importantes. A teoría das Ideas serve de trasfondo para todos os temas que se abordan. Sócrates é o interlocutor principal, pero xa non é o Sócrates dubitativo dos primeiros diálogos de mocidade, senón un filósofo seguro de si mesmo e posuidor da verdade.

Fedón: Trata das Ideas e da inmortalidade da alma. *Fedro*: Da natureza tripartita da alma. Mito do carro alado.

Banquete: Sobre o amor platónico. *República*: A súa construción política ideal (o estado ideal ou perfecto) e a investigación acerca da xustiza, tanto no individuo (home xusto), como no Estado (cidade ou polis xusta).

Os **diálogos de vellez (diálogos críticos)**: Período último do desenvolvemento do pensamento platónico, no que introduce numerosas e importantes correccións a súa teoría das Ideas, como froito dunha profunda revisión persoal da súa filosofía. Sócrates deixa de ser o personaxe principal e cobran relevancia os sofistas, que se converten en portavoces da autocrítica de Platón.

Parménides e *Sofista*: Investigacións críticas da teoría das Ideas. *Timeo*: A cosmovisión platónica. *As leis*: Concepción política máis realista que a utópica *República*. Cobran importancia as leis da polis para promover a virtude nos cidadáns. *Teeteto*: Busca do coñecemento.